



# RÍO MIÑO

## De Santa Sabela a Ombreiro e volta

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 16 km (10 km de traxecto circular, da ponte do Piago á ponte de Ombreiro e volta, máis seis de ida e volta á carballeira)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 5 horas

**Unha ruta que forma parte dos Camiños do Miño.**

Unha camiñada para acompañar ao río no seu pasar vagariño e silencioso, un silencio que se rompe aquí e alí cando salta os caneiros feitos para pescar ou para reter e conducir á auga a traballar como forza motriz nos muíños das ribeiras, gozando ao tempo das cores e dos xogos da luz filtrada polas árbores ou reflectida pola auga, da frondosidade do bosque de ribeira entre o que sobresaen especies pouco comúns fóra desta zona e algúns grandes carballos, e numerosos detalles paisaxísticos e etnográficos que xorden ao longo do percorrido. Este tramo está protexido no LIC Parga-Ladra-Támoga.

Propoñemos comezar e rematar na carballeira de Santa Sabela porque é un lugar tranquilo, amplo, relaxante no que, unha vez rematada a camiñada, podemos gozar dun magnífico entorno para recuperarnos.



Carballeira de Santa Sabela, inicio e remate da ruta, un dos lugares cantados polo poeta Manuel María natural de Outeiro de Rei que ten a casa natal, hoxe convertida en museo visitable, na localidade ao pé do concello.



Muíño de Santa Sabela (Outeiro de Rei)



Caneiro de Santa Sabela (Outeiro de Rei)

## COMO CHEGAR:

Desde Outeiro de Rei achegámonos á carballeira onde deixamos o coche. Comezamos a ruta achegándonos á beira do río e camiñando no sentido da corrente. (Unha gran parte da ruta está incluída nos Camiños do Miño do concello de Outeiro de Rei e o resto discorre por carreiros de pescadores ben marcados) o primeiro que atopamos e o caneiro do muiño de Santa Sabela, uns dos últimos en deixar de traballar da zona, e un pouco máis adiante a desembocadura do río Ladra, ao pasar a depuradora de augas residuais EDAR de Outeiro de Rei, antes de cruzar o seguinte valado, temos que desviarnos á esquerda e deixármola beira do río (que non volveremos a recuperar ata chegar á ponte entre Robra e Martul) para, polo camiño, acadar a ponte de madeira sobre o río Pequeno, subir á localidade de Robra e, seguindo os indicadores, chegaremos á estrada que, pola dereita, nos leva ao Piago.

Crúzamos a ponte e un pouquiño máis arriba collemos un desvío á esquerda da estrada para continuar pola beira do río. Pasamos ao pé das Ínsuas de Seivane (na de Arriba, á que se pode acceder pola ponte colgante pódese facer un percorrido por dentro dun fermoso bosque); máis adiante rodeamos un pequeno tramo do río Narlae continuamos pola beira da estrada ata chegar á ponte de Ombreiro, co que teremos feita metade da ruta. Despois de cruzar a ponte seguimos un pouco pola estrada e collemos o primeiro camiño á esquerda, pasamos por dentro do peche das cabras, deixando as cancelas aseguradas, e volvemos sen dificultade ningunha, remontando o curso pola outra beira á ponte entre Robra e Martul desde onde, polo mesmo camiño da ida, fixemos a volta á carballeira. Ao ir ou ao volver non podemos deixar de facer o desvío (uns 500 m ida e volta) ao caneiro do Piago, que encora a auga para facer funcionar a minicentral eléctrica que está instalada ali mesmo. Á metade do traxecto de volta pasamos pola beira do recinto do Parque Zoológico de Marcelle.



Ponte colgante pola que se accede á Ínsua de Seivane.



Un dos carballos senlleiros que se atopan na beira do Miño.



Caneiro para a pesca en Gondai. Conserva no medio do río o caseto no que se refuxiaban os pescadores, almacenaban os aparellos e conservaban a pesca.



Ambroíños enanos (*Nymphoides peltata*). Planta pouco común que se pode atopar nalgúns puntos do Miño. En Galiza está en perigo de extinción.




Muíño de Ombreiro



Froitos de evónimo (*Euonymus europaeus*).



Barca tradicional do Miño.



Caneiro do Piago.

